ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA
LOGO DE VER o Real Decreto 806/2026, de 5 de outubro, polo que se procede á disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e se convocan eleccións xerais para o 29 de novembro de 2026 que foi obxecto de publicación no Boletín Oficial do Estado nº 248 do 6 de outubro de 2026.

LOGO DE VER que de acordo co previsto no artigo 26.4 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (LOREG), corresponde efectuar o sorteo para a designación dos membros das mesas electorais, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria, e que polo segundo estas previsións, corresponde efectuar o sorteo para a designación dos membros das mesas electorais, entre os días 31 de outubro e 4 de novembro de 2026.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 02/11/2026
Hora: 08:30 h. a 1.ª convocatoria e ás 08:30 h. a 2.ª, dous días despois
Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.
Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1º.- - SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS DO 29 DE NOVEMBRO DE 2026, CONFORME AO ARTIGO 26 DA LOREG.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CVD: DlZ+c4eueFJIbU0NIG8N Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (https://sede.oroso.gal/opencms/gl/) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.
Federico Suárez Cancelo.

CVD: DlZ+c4eueFJIbU0NIG8N Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/